



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 30 DE MARZO DE 2023

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xuño do 2019,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 30 de marzo de 2023
- ➔ Hora: 20:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 23 DE XANEIRO DE 2023.
2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE XANEIRO DE 2023.
3. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 10 DE FEBREIRO DE 2023.
4. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 7 DE MARZO DE 2023.
5. CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN E DODRO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DA RUTA ROSALIANA "AS PEGADAS DE ROSALÍA".

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 45/2023 AO NÚMERO 199/2023
7. DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLOS DEPARTAMENTOS DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA SÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 4º TRIMESTRE 2022
8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 1-7/2023.
9. MOCIÓNS DE URXENCIA.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira